

**PARA AXUDAR
Á RENACENZA
DE GALIZA**



Rafael Dieste

1

Ter don da oportunidade, pero non ser oportunista.

2

Aproveitar o vento... e non esquecer o rumbo.

3

Saber que unha viaxe non é unha regata.

4

Non chegar antes de tempo.

5

Saber cando hai que obedecer, e a quen.

6

Se non hai vento, bogar.

7

Saber que é mellor ser un bo cidadán que un mal político.

8

Primeiro que ten que ser o político: un cidadán esgrevio, exemplar; segundo: un home de imaxinación; terceiro: un desbaratador da astucia. Contra solermia, inxenio rápido.

9

Saber que facerse un nome pode ser desfacerse.

10

Denantes de ter brillo, ter metal, aínda que sexa sen brillo.

11

Non dar creto aos alabeeiros. Endexamais!

12

Aledarse coa loanza xusta, e recibila con inxel sorpresa,
como un regalo.

13

Non deformar o que se ten que dicir, na teima de se facer
ouvir.

14

Non asoballar a dignidade do teatro, a virtude da presenza,
con demasía de xesto.

15

Buscar tras do misterio combinado outro misterio sen
combinacións; tras do teatro, o drama.

16

Non converter a galeguidade auténtica, a que xa non cabe no
corpo, en simulacro de galeguidade.

17

Non ser mais débil que a túa énfase. Non te fagas unha énfase que che veña grande. Máis ben un pouco estreita...

18

Non se coidar bo por ser somente sentimental.

19

E non se coidar sentimental por ter a bágoa a punto.

20

Non teñas vergonza de chorar. Tampouco a teñas de non chorar.

21

As mellores bágoas foron na soidade... E por sorpresa.

22

Non buscar insinias de bondade. Nin por locilas nin para se agarimar a concencia.

23

O xuízo vén do ceo. Non interveñas. Deixa que te traspase.

24

Non te despreces. Sofre calado e quedo as tréboas, e agarda.

25

O bo xuízo porate en pé, regalarache un camiño. Non midas a súa anchura. Non te entreteñas demasiado coa equipaxe. Anda xa...

26

Non facer dunha leira a clave do dereito.

27

Non facer do dereito unha leira.

28

Guindar os muros. Tender as mans.

29

Non se escravizar por azo de mandar.

30

Poñerse no seu sitio.

31

Ser dilixente, pero non ter presa.

32

Ter seguranza, pero saber dubidar.

33

Non ser simpático a todo o mundo. Escorrentar a moita xente. Non se enterar do que din os parvos.

34

Non ser carneiro aspirante a pastor.

35

Non fomentar o borreguismo alleo, no azo de pastorear.

36

Si che toca mandar, que sexa en homes.

37

Eleva, dignifica, dá forza e sanidade aos que téis a redor teu, e non te deteña o pensar que poden sobrepuxarte.

38

Mais non deas armas aos enemigos da verdade, nin sequera verdades. Daquela é mellor que non te entendan. Ou días de xeito que os desarmen.

39

Coidado coas verdades coma puños. Poden non ser mais que simplezas coma puños, erros que a xente quer ouvir... Non lle deas ese gusto.

40

Non gastar en estralos a forza imperativa.

41

Obediencia e mando, cando están traspasados pola mesma luz, teñen a mesma dignidade.

42

Non confundir bárbaro con inxel. A boa cortesía nace da máxima inxeleza.

43

Non agardar agradecemento; pero agradecelo.

44

Organizar, non sumar.

45

Almas valdeiras andan sempre a xuntar e dividir, a ostentar número e quebrantalo, sen outra mira que parecer xefes... ou evitar que outros o parezan.

46

Sempre foron loubados os combatentes galegos. Diante do perigo, preto da morte, lonxe da intriga, as máis segredas e firmes virtudes da nosa raza móstranse enteiras. Honor aos nosos combatentes!

47

Despois... A nosa paz será tan digna como unha guerra santa.